

Foz acolle a última función da xira de inverno da ópera electrónica 'Papagena' coincidindo co 25N

Papagena, inspirada nas persoas-paxaro d'*A frauta máxica* de Mozart, é un espectáculo con perspectiva de xénero que narra a historia dunha parella engaiolada nunha relación tóxica

Papagena pretende rachar tamén cos clichés asociados ao mundo da lírica: a lingua, os espazos de representación, o público ou o formato

A función do venres na Casa da Cultura de Foz vai ser a única oportunidade de ver na provincia de Lugo esta ópera electrónica en galego



Foto de escena da ópera electrónica *Papagena* © Miramemira

22 de novembro de 2022.- *Papagena*, á última creación da compañía ButacaZero, dirixida por Xavier Castiñeira e Esther F. Carrodegua, vai pechar a súa xira de inverno en **Foz** este venres 25 de novembro, **coincidindo co Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller**. Logo de itinerar por unha ducia de vilas galegas ao longo deste trimestre, *Papagena* vai brindar a súa única función na provincia de Lugo este 25N na **Casa da Cultura de Foz**. O espectáculo comezará ás 20.30 horas e terá entrada gratuíta ata completar o aforo.

Esta **ópera electrónica en galego con perspectiva de xénero** narra a historia dunha parella engaiolada nunha relación tóxica que está inspirada na persoas-paxaro da célebre *A frauta máxica* de Mozart. O elenco está



formado pola soprano **Esperanza Mara** e o barítono **Jacobo Rubianes** que actúan acompañados no escenario por **Iago Hermo**, compositor da ópera e do libreto e tamén director musical da peza.

A peza, **na que Castiñeira e Carrodeguas asumen por primeira vez a dirección escénica dunha ópera**, nace da vontade de afondar nos clichés de xénero presentes no eido da creación operística, mais tamén **pretende rachar con outras percepcións habitualmente asociadas ao mundo da lírica**: a lingua, os espazos de representación, o público destinatario ou mesmo o formato. Para conseguilo, Iago Hermo deseñou unha ópera electrónica, baseada nas súas investigacións arredor do espectralismo minimalista. O resultado, coa colaboración de Ana Arteaga na escenografía e de Diego Valeiras no vestuario, é un espectáculo **musicalmente inmersivo e visualmente contemporáneo** que está a levar a ópera a vilas onde non adoita chegar este estilo musical.

Concibido para público adulto e adolescente, a trama de **Papagena** expón unha relación marcada polos celos e o control e narra o proceso que leva ao personaxe interpretado por Esperanza Mara a se liberar da súa cárcere vital. Un dos maiores avances político-social dos últimos tempos, a loita contra o sexismo, é a base para analizar e reescribir a Papagena mozartiana e darlle as ás que lle permitan voar e escapar da gaiola. Hai tamén na ópera de ButacaZero unha mensaxe clara que nas redes sociais da compañía condénsase no cancelo **#nonsexaspapageno**.

APOSTA POLA CREACIÓN EMERXENTE E O TERRITORIO

Con esta nova produción, unha **ópera galega e en galego**, ButacaZero mantén a súa aposta polo **risco escénico, pola creación emerxente** a través da colaboración con artistas de Galicia e pola **creación vinculada á temática social e cunha fonda implicación no territorio**. Neste sentido, un dos principais obxectivos da compañía viguesa é construír país arredor da cultura. Para iso, adaptouse a ópera contemporánea á realidade social galega, levándoa, ao longo deste trimestre, a espazos non convencionais para a súa representación. Ademais, a entrada foi de balde en case todas as funcións para favorecer, deste xeito, o achegamento á ópera tanto do público adolescente coma adulto.

PAPAGENA FOZ | Venres 25 de novembro | 20.30 h | Entrada libre ata completar o aforo
Casa da Cultura [R. de Lugo, 1, Foz]

CONTACTO DE PRENSA BUTACAZERO

The Office Comunicación
Bea Pérez | 604 070 409
Luisa Castiñeira | 620 113 155
Lucía Pita | 675 404 321
prensa@theofficeco.es

KIT DE PRENSA 'PAPAGENA' | <https://cutt.ly/Papagena>

MATERIAL DE VÍDEO PARA TV | <https://cutt.ly/PapagenaTV>

TEASER DE PAPAGENA | <https://youtu.be/6tSt2DGzMRw>